

OFICINA TÉCNICA

O grupo de investigación ACBiodiv avanza no proxecto 'Un pavimento botánico para Santiago de Compostela'

O grupo de investigación ACBiodiv, da Universidade de Santiago, avanzou durante este mes no proxecto 'Un pavimento botánico para Santiago de Compostela' que conta coa colaboración do Consorcio de Santiago no marco do programa 'A Pedra que pisa' de mantemento dos pavimentos da cidade histórica compostelá.

Neste caso, os responsables do proxecto traballaron en novas áreas de estudo nunha das entradas á zona vella, concretamente na Praza de Fuenterrabía.

Membros do Departamento de Botánica da USC, baixo a dirección do profesor Miguel Serrano, comezaron a instalar nas xuntas dos enlousados, previamente acondicionadas polos canteiros, diversas combinacións de plántulas e sementes de especies vexetais resistentes ao tránsito, habilitadas con substrato apropiado.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/g/novas/o-grupo-de-investigacion-acbiodiv-avanza-no-proxecto-un-pavimento-botanico-para-santiago-de>



A Fundación Laboral da Construción acolleu as xornadas sobre presentes enerxéticos

Baixo o nome 'Descarbonizando a edificación desde o impulso á rehabilitación', e levada a cabo polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a Fundación Laboral da Construción acolleu o día 20 unha xornada de traballo sobre presentes enerxéticos.

A xornada comezou cunha visita á Fundación Laboral a cargo de Ángel Panero, arquitecto do Consorcio de Santiago, quen tamén participou no debate 'Abordando a descarbonización desde o impulso á rehabilitación'.

Na xornada presentáronse casos de éxito como o da rehabilitación dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras en Sar.

Participación en Segovia nunha xornada de formación das Cidades Patrimonio da Humanidade de España

O Consorcio de Santiago, representado pola arquitecta do Consorcio Idoia Camiruaga, participou nunha xornada de formación das Cidades Patrimonio da Humanidade de España que se celebrou en Segovia baixo o título 'Cidades habitadas'.

As intervencións estiveron centradas no mantemento das cidades vivas e útiles no reto da sustentabilidade nas que nos enfrentamos globalmente.



PUBLICACIÓNS



O Consorcio celebrou o Día Internacional do Libro co agasallo de publicacións aos visitantes da Casa do Cabido

O Consorcio de Santiago conmemorou o Día Internacional do Libro coa entrega de balde de publicacións coeditadas polo propio Consorcio a todas as persoas que visitasen a Casa do Cabido (na Praza de Praterías) o sábado 22 e o domingo 23 de abril.

Esta iniciativa, que se levaba a cabo cada 23 de abril, non puido celebrarse nos últimos anos debido á pandemia da Covid-19 e agora retomouse unha vez levantadas as restricións sanitarias con grande éxito.

MÚSICA

A Real Filharmonía pecha a temporada 'Escoitar o Mundo' con tres concertos no mes de maio no que tamén haberá un especial polas Letras Galegas

A Real Filharmonía pecha a súa tempada 2022-23 con tres concertos durante o mes de maio que farán vibrar os asistentes. O primeiro, 'Sons do Leste', con Paul Daniel de director e Nemanja Radulovic como violinista solista. O seguinte, 'Sen Palabras', terá a Andreas Ottensamer como director. Por último, os días 24 e 25 Jordi Francés dirixirá o último recital do curso: Novos horizontes.

Namentres, o día 16, ofrecerase polas en Vigo un concerto homenaxe a Francisco Fernández del Riego polas Letras Galegas con Maximino Zumalave levando a batuta e o Coro de Cámara das Rías Baixas. Nel estrearáse a Sinfonietta, encargo do Consello da Cultura Galega ao compositor vigués Brais González.

